

da profesora Teresa Moure, ao abeiro do Programa María Barbeito de axudas a contratos predoutorais de formación de doutores e no marco do Proxecto de Investigación GI-1944 Linguaxe, retórica e ideoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Esta tese foi presentada en xuño do ano 2011 perante un tribunal composto por María Pilar García Negro, Tove Skutnabb-Kangas, Francisco Rodríguez, Carme Junyent e Goretti Sanmartín Rei. A mención da composición do tribunal non é un elemento superfluo, pois estes nomes serán os máis citados ao longo do texto e constituirán parte fundamental das fontes científicas e ideolóxicas da obra.

En *Contra a morte das linguas. O caso do galego* procúrase un achegamento ao fenómeno da morte das linguas e ás diferentes opcións que desde a ecolingüística se dan para reverter este proceso e para pór en valor a diversidade lingüística como ben común da humanidade. Así, Miguel Moreira parte dunha análise global e vai, paseniñamente, aproximándose ao caso galego, centrando a súa atención no que vai denominar hipótese da linguodiversidade, na busca dunha nova concepción dos dereitos lingüísticos, interpretados agora como colectivos mais apelando tamén a unha actuación individual, en palabras do autor, ética, consciente e responsábel (198).

O limiar da obra, asinado por Teresa Moure, é toda unha declaración de intencións do que o lector e a lectora se van atopar no libro. A sociolingüista desmárcase dos cazadores de bolboretas, dos e das lingüistas preocupados unicamente pola recolla dialectal da lingua e do seu tratamento como peza museística, para reclamar un/unha lingüista activista, que teña vontade certa de transformar a realidade que o arrodea. Esta idea recóllea xa o autor na súa introdución, ao afirmar que se sitúa na lingüística comprometida coa realidade (18). Neste mesmo adro invócanse tamén o entusiasmo e o positivismo como o mellor xeito de traballar en prol da normalización da nosa lingua, fuxindo dos lamentos e das queixas, dos malos agoiros dunha etapa previa da historia da planificación lingüística galega (18).

No que ten a ver coa estrutura, o traballo divídese en tres partes, camiñando do global ao particular. Na primeira Miguel Moreira presenta o estado da cuestión, as diferentes concepcións dentro da ecolingüística para tratar a

MOREIRA BARBEITO, MIGUEL (2014): *Contra a morte das linguas. O caso do galego*. Vigo: Editorial Xerais, 315 pp.

Esta recente publicación de Miguel Moreira é produto do traballo realizado na súa tese de doutoramento, elaborada baixo a dirección

perda da diversidade desde o punto de vista conceptual, identitario ou económico. Todo este marco ilústrase cunha morea de exemplos das máis diversas linguas do mundo que facilitan esta primeira toma de contacto coa materia. A segunda parte céntrase xa no tratamento dos dereitos lingüísticos. Así, o autor presenta os diferentes xeitos de concibir estes dereitos, partindo da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos (DUDL) e achegando finalmente a súa propia noción aplicada ao caso do galego. Finalmente, no terceiro e último chanzo do libro preséntasenos unha aplicación práctica da teoría anteriormente tratada a través dunha proposta de planificación lingüística para a reversión do proceso de substitución do idioma.

No primeiro bloque Miguel Moreira comeza pondo en valor a lingüística como ciencia que debe intervir no proceso de morte de linguas no mundo, sinalando a obriga social, moral e mesmo científica do lingüista perante a perda desta diversidade. O investigador parte dunha análise histórica de como se concibiu a diversidade de linguas nos mundos xudeu-cristiá e exipcio, co obxectivo de superarmos a tradición do mito de Babel polo cal se entende a diversidade lingüística como un castigo. Nesta liña introduce tamén os principais debates teórico-conceptuais dentro da ecolingüística en torno ás nocións de morte de linguas, suicidio inducido ou lingüicidio, dependendo da relevancia que se lle poida dar ao papel activo ou non dun axente externo na morte de cada lingua. Neste sentido, chama a atención a presentación destas diferenzas conceptuais e a escolla por parte do autor do título da obra (*Contra a morte de linguas. O caso do galego* no canto de *Contra o lingüicidio. O caso do galego*) debido ao especial énfase que se lle dá na obra á necesidade de o lingüista ter un papel activo e comprometido coa linguodiversidade e mesmo ao feito de afirmar que os castelán-falantes sono porque o poder lles roubou a súa lingua, sendo por tanto un papel activo do poder o causante da substitución lingüística do castelán polo galego. Ademais, neste primeiro apartado Miguel Moreira introduce tamén as principais causas da substitución lingüística, as posturas da lingüística arredor da perda de linguas, e sitúase explicitamente na oposición ideolóxica ao capitalismo, considerando

o imperialismo lingüístico actual a evolución da colonización dos séculos XVI a XIX e postulando como alternativa a necesidade de traballarmos cooperativamente polo ben común na liña do filósofo P. Singer.

A segunda parte constitúe o cerne da obra. Nela o investigador reivindica unha nova ética das linguas, a ética da linguodiversidade, co obxectivo de dar unha solución efectiva ao conflito lingüístico e mostrar unha pauta de actuación que debe ser asumida por todas e todos os falantes para garantir o mantemento da diversidade de linguas no mundo. Partindo desta análise ética, o autor procura unha reinterpretación dos dereitos lingüísticos superando a concepción tradicional destes e situando como punto de partida a DUDL. Así, reclama un novo concepto de dereito colectivo que acolla no seu interior o individuo como membro responsable e consciente en todo momento dos seus propios actos, nunca anulado polos intereses dos grupos opresores (177), superando a visión liberal de liberdade individual e a visión colectiva, no noso caso, do nacionalismo galego, entendendo que esta defensa do colectivo responde a unha situación de conflito (...) determinada polo contexto (173). Tamén achega unha nova reinterpretación do concepto de nación, entendida desde un punto de vista cultural, superando os intereses, nomeadamente económicos, do sistema capitalista e na que os e as cidadáns asuman a súa pertenza a ela de xeito consciente.

Miguel Moreira tampouco se mantén á marxe das principais cuestións de debate no panorama da sociolingüística galega dos últimos anos. Deste xeito, rexeitará as propostas realizadas no Informe IGEA 2010 sobre a lingua galega asinado por Henrique Monteagudo e Antón Reixa, afirmando que o bilingüismo nos contextos de conflito lingüístico é un estado de transición cara ao monolingüismo na lingua dominante, rexeitando, xa que logo, calquera estratexia encamiñada a pór en valor o bilingüismo en Galicia e apostando, pois, polo monolingüismo en galego como o único camiño para a normalización lingüística no país. Nesta liña, a defensa do monolingüismo en galego concíbese tamén como estratexia encamiñada á non fragmentación da nación perante o inminente perigo da desintegración, pois os falantes de español (...) non son conscientes da lingua que lles roubaron

(196). Como parte desta nova proposta, considérase tamén fundamental a mudanza nos estereotipos relacionados co galego-falante, sendo necesario superar a relación do galego unicamente coa tradición, e procurando o relacionar coa modernidade, coa ciencia, coa investigación, sempre a través do entusiasmo, bosquexando unha imaxe da lingua en positivo.

Finalmente neste segundo apartado o autor trae un paralelismo entre os movementos altermundistas e os dereitos lingüísticos, baixo a idea de que todas as revolucións están conectadas: a loita pola diversidade ecolóxica e lingüística, o respecto pola igualdade étnica e de xénero, a procura dun mundo onde os recursos e a riqueza estean repartidos equilibradamente, etc. Así, reivindica o mantemento dunha postura ética e coherente, comprometida coas minorías e socialmente activa e responsábel. No eido lingüístico esta postura viría da man da ecolingüística, que achega unha nova visión das linguas que supera a concepción estruturalista que as reduce a simples códigos comunicativos, interpretándoas agora como xeitos únicos de codificar a realidade. Como proposta para superar a perda da linguodiversidade o autor móstrase a prol da creación dunha lingua artificial para a comunicación internacional, co obxectivo de que ningunha lingua natural se imponha sobre o resto e continúe contribuíndo, como está a facer o inglés, aos procesos de acturación.

Xa no terceiro apartado, Miguel Moreira realiza unha proposta de planificación lingüística para a reversión do proceso de substitución lingüística en Galicia. Partindo da sensibilización da poboación a favor dun novo modelo de planificación, o autor fai seus os cinco obxectivos enumerados por María Pilar García Negro no marco do Foro Mundial de Educación do ano 2010: a ubicuidade, que a lingua estea en calquera eido da sociedade; a omnifuncionalidade, que poida desempeñar calquera función lingüística; a autosuficiencia, que sexa plenamente autónoma; a flexibilidade perante calquera soporte e o interclasismo, é dicir, que manifeste variedade interna por medio de rexistros.

A primeira das propostas ten a ver coa necesaria difusión do estándar e dunha lingua de calidade a través da administración gale-

ga, das institucións públicas ou das empresas contratadas a través da sinalización, da documentación e da relación oral coa cidadanía. En segundo lugar o autor aposta pola inmersión lingüística no ensino e pola incorporación dos contidos sociolingüísticos no currículo escolar. En terceiro lugar situaríase a galeguización da sanidade e da xustiza; no cuarto a potenciación da produción científica na nosa lingua, no quinto a recolla das particularidades lingüísticas da lingua, até un total de nove propostas. Finaliza o investigador este apartado coa enunciación dos elementos típicos dunha proposta concreta de planificación lingüística: destinatarios, recursos, cronoloxía ou avaliación.

En definitiva, en *Contra a morte das linguas. O caso do galego*, Miguel Moreira sitúase na lingüística militante e activista e achega un estudo ecolingüístico que vai do xeral ao particular co obxectivo, por unha banda, de facer ciencia en galego e, pola outra, de contribuír ao debate en torno á planificación lingüística en Galicia. Esta obra continúa o camiño encetado xa na lingüística galega por Teresa Moure ou Goretti Sanmartín, dando un pasiño máis e enriquecendo un eido no que apenas tiñamos aínda obras de referencia. Como elementos a mellorar, achamos na obra unha abundancia considerábel de afirmacións categóricas das que se podía agardar unha maior explicación, pois ás veces son máis opinións persoais que reflexións produto dunha análise científica. Alén disto, a estruturaación de contidos é un tanto caótica, e ás veces semella que as mesmas ideas aparecen repetidas unha e outra vez, especialmente en relación á concepción dos dereitos individuais e colectivos, tratados ao longo de todo o libro. Finalmente, agradécese na obra a transparencia ideolóxica, ao asumir o autor de xeito explícito o seu compoñente nacionalista galego e anticapitalista, mais talvez esta explicitude non contribúa a superar os prexuízos existentes nunha parte da poboación que liga hoxe os galego-falantes e especialmente as persoas comprometidas coa lingua ás persoas cunha ideoloxía determinada. En todo caso estamos, sen dúbida, ante unha obra que dá para unha boa reflexión.